

ANUNCIO

Expte: 2022/E001/000049 Proceso estabilización Axente de Emprego e Desenvolvemento Local

Por decreto de alcaldía número 460/2024 de data 17/05/2024, procedeuse a incoar o procedemento para a revisión de oficio do Decreto número 570/2023 de 6/06/2023, polo que se aproba a listaxe definitiva de persoas admitidas e excluídas para unha praza de Axente de Emprego e Desenvolvemento Local (C 36), ao considerar que pode incurrir na causa de nulidade pola que se adquiren facultades ou dereitos cando se carezan dos requisitos esenciais para a súa adquisición.

Xunto co acordo de incoación, procedeuse a suspender o procedemento de estabilización da praza de Axente de Emprego e Desenvolvemento Local (C 36).

Por medio do presente anuncio, ábrese un período de información pública por prazo de vinte días, a fin de que quen puidese terse por interesados no devandito expediente, poidan comparecer e formular cantas alegacións, suxestións ou reclamacións teñan por conveniente.

Á súa vez, estará ao dispor dos interesados na sede electrónica deste Concello <https://sede.concelloderianxo.gal>.

O presente anuncio servirá de notificación aos interesados, no caso de que non poida efectuarse a notificación persoal do outorgamento do trámite de audiencia.

Rianxo, 21 de maio de 2024

Asdo: O Alcalde, Julian Bustelo Abuín